



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de xuño de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día 20 de xuño de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1 (525).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de xuño de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2 (526).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATALOGACIÓN DOS FONDOS E PROXECTO PILOTO DO PLAN DE DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO XERAL E ARQUIVO XMU. EXPTE. 8629/113.

Visto o informe xurídico do 06/06/19, e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 05/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 18/02/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para a catalogación dos fondos e proxecto/plan dixitalización do arquivo xeral e arquivo xmu

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 27/03/2019 do concelleiro Delegado Concelleiro de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 16/05/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 04/06/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal

- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 24/05/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 04/06//2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 18/03/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.



Concello de Vigo

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a catalogación dos fondos e proxecto/plan dixitalización do arquivo xeral e arquivo XMU

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 04/06//2019.

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 16/05/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **280.000,00 €**, que inclúe un IVE de **48.595,04 €** , dende o 15 de Xullo de 2019 , o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400002	2019	17.355,37 €	82.644,63 €	100.000,00 €
9207.6400002	2020	31.239,67 €	148.760,33 €	180.000,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3 (527).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN ENTORNO DE FERRAMENTAS DE INTERCONEXIÓN ADMINISTRATIVA COA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE.8784/113.

Visto o informe xurídico do 06/06/19, e o informe de fiscalización de data 07/06/19, dáse conta do informe-proposta do 05/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 18/03/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para o desenvolvemento de un entorno de ferramentas de interconexión administrativa coa administración xera.



Concello de Vigo

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 22/05/2019 do concelleiro Delegado Concelleiro de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/05/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 22/05/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 22/05/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 03/06/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 22/05/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para o desenvolvemento de un entorno de ferramentas de interconexión administrativa coa administración xeral

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 03/06/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 22/05/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **158.000,00 €**, que inclúe un IVE de **27.421,48 €**, dende o 15 de Xuño de 2019, o cal se imputará ás seguintes partidas e exercizos

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.640000 2	2019	21.347,11 €	101.652,89 €	123.000,00 €
9207.6400002	2020	6.074,38 €	28925,62 €	35.000,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4 (528).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, DE DATA 17/06/19, DE NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE. EXPTE. 596/1102.

Dáse conta da referida Resolución de Alcaldía, que di o seguinte:

Tras das eleccións municipais do pasado 26 de maio do 2019 e constituída a nova Corporación o pasado 15 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal no que se refire á designación de tenencias da Alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos arts. 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a designación de Tenencias da Alcaldía é competencia desta Alcaldía-Presidencia quen a realizará entre os membros da Xunta de Goberno Local. A composición da Xunta de Goberno Local fíxose por Resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019.

No uso das atribucións mencionadas

RESOLVO

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Vigo conforme coa seguinte orde, aos concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local:

- D^a. M^a Carmen Silva Rego
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- D^a Elena Espinosa Mangana
- D^a M^a José Caride Estévez

Segundo.- Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles na aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.

Terceiro.- En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos/as Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación.

Quinto.- Notificar esta resolución ás/aos Ilmas/os señoras e señores Tenentes de Alcalde, facendo constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa ou Alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

Sexto.- As/os Tenentes de Alcalde estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sétimo.- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

Noveno.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo.- Notificar a presente resolución ás Xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5 (529).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, DE DATA 18/06/19, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 600/1102.

Dáse conta da referida Resolución de Alcaldía, que di o seguinte:

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

O artigo 124.5 da LRBRL determina que o Alcalde poderá delegar na Xunta de Goberno Local mediante resolución unha serie de competencias das enumeradas no apartado 4, a efectos dunha mellor organización administrativa.

Polo exposto, de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos citados da Lei 7/1985, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como nos artigos 8 a 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

RESOLVO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa colaboración colexiada coa Alcaldía na dirección política que me corresponde, exercerá as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/1985 e ademais, pola miña delegación, as seguintes atribucións:

1. Aprobar, tralos trámites oportunos, as contas a xustificar rendidas polos seus perceptores.
2. Efectuar as solicitudes e aprobar os proxectos que se prevexan en convocatorias públicas de calquera administración e/ou institución pública estatal, autonómica ou europea en orde á participación en plans ou programas de colaboración e cooperación económica, técnica ou administrativa para o impulso de servizos locais ou outros asuntos de interese común municipal.

3. A aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados.
4. A aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos.
5. O exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas.
6. Tomar coñecemento de cantas resolucións xudiciais recaian en procesos xurisdicionais nos que fora parte o Concello, agás aquelas das que se deba dar conta ao Pleno ou ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e aquelas que conleven o pagamento dunha cantidade determinada ou líquida.
7. A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Delegada á que correspondan ditas atribucións.

Segundo.- As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que corresponden ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido nos artigos 44.1 e 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en todo momento as atribucións sobre calquera asunto ou atribución delegada aínda cando se atope en trámite de debate no seo da Xunta de Goberno Local.

Nas propostas de acordo que se formulen á Xunta de Goberno Local en relación coas competencias delegadas en virtude desta resolución, farase constar expresamente que se dictan por delegación.

Terceiro.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición e aos extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados en exercicio de atribucións delegadas que serán resoltos pola propia Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, deléganse na Xunta de Goberno Local as facultades de revisión de oficio reguladas na normativa básica sobre Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas polo Alcalde na presente Resolución.

Cuarto.- Comunicar, para o seu coñecemento e efectos, a presente resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e ás xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais a través da súa inserción na Intranet municipal. Lembrarlles así mesmo que, de conformidade co art. 177 do RD 2568/1986 e segundo o disposto na Circular 1/2015 da Secretaría da Xunta de Goberno Local, e resolución desta Alcaldía de constitución da Xunta de Goberno Local para que os expedientes conclusos se poidan incluír na orde do día



Concello de Vigo

dunha sesión ordinaria, deberán estar en poder da Secretaría do Goberno Local ás 12,00 horas do luns da semana de realización da devandita sesión.

Quinto.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución.

Sexto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, e será obxecto de publicidade activa na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sétimo.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6 (530).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 4/2019) EXPTE. 12194/111.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/06/19, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:
XGL relación 4/2019

1.- Contencioso. Expediente nº 10911/111
Sentenza nº 89 do 25 de marzo de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 209/2017
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Aprobación definitiva da modificación puntual da vixente RPT
Expte: 29243-220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que xa é firme, desestima todas as pretensións e alegatos da demanda, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto, (achegamos copia da nosa contestación e conclusións para mellor comprensión deste recurso e das cuestións subxacentes).

2.- Contencioso. Expediente nº 11655/111

Decreto nº 100 do 22 de abril de 2019

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 406/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo, da solicitude de recoñecemento do dereito a consolidación do grao persoal de posto de traballo.

Expte: 32283-220

Contía: Indeterminada

O Decreto acorda ter por desistido ao demandante do recurso de apelación.

Debe coñecer o resolto o servizo de recursos humanos.

Proc.orixe: 57/2018 P.A. do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo - sentenza desestimatoria 180/2018 (comunicada a X.G.L. na sesión do 30/08/2018)

3.- Social. Expediente nº 11715/111

Sentenza nº 214 do 25 de abril de 2019

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 850/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despido disciplinario, contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios, seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nas praias de Vigo

Expte: 12941-306

Esta sentenza, que non é firme, absolve ao Concello de Vigo no caso dun despedimento disciplinario dun traballador da empresa que presta o servizo de salvamento e socorrismo nas praias de Vigo e resolveu a improcedencia do despedimento, con opción por parte da empresa de indemnizalo con 228,63 euros. A sentenza considera que cando se produciron os feitos o traballador estaba no seu posto de traballo, se ben se negou á apertura do posto de rescate, pero que finalmente procedeu á apertura do posto de traballo.

O Servizo de Medio ambiente debe coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 11795/111

Sentenza nº 142 do 6 de maio de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 428/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución, notificada en data 13/09/2018, pola que se inadmite o recurso de reposición interposto o 01/12/2017 contra outra de data 02/11/2017 por responsabilidade patrimonial.

Expte: 5323/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O Departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

5.- Contencioso. Expediente nº 11874/111
Sentenza nº 105 do 30 de abril de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 493/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución ditada en expediente sancionador por estacionar obstaculizando a circulación.
Expte: 2018/03537
Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 11877/111
Sentenza nº 175 do 21 de maio de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 475/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Contra desestimación por silencio administrativo da revisión de oficio interposta contra dilixencia de embargo por imposición de multa por infracción de tráfico.
Exptes: 37105/700 - 128637195

Esta sentenza, que é firme, declara nulo o acto administrativo impugnado, que se concretaba na desestimación da solicitude de revisión de oficio demandada polo actor.

A sentenza considera que a falta de notificación da sanción conleva a nulidade por indefensión do destinatario da sanción, e que nin sequera consta que se intentase notificala ao demandante. Razón pola que declara directamente a nulidade da sanción, apreciando prescripción da mesma.

Se impoñen custas por valor de 200 euros ao Concello.

Os servizos xestores (Tesourería-Recadación Executiva e Seguridade) deben coñecer o resolto en orde á súa execución.

7.- Contencioso. Expediente nº 11880/111
Sentenza nº 92 do 25 de abril de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 496/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do T.E.A. ditada o 09/08/2018 sobre anulación do procedemento sancionador e providencia de constrinximento contra outra que resolve recurso potestativo de reposición, en materia de sancións.
Exptes: 37564/700 e 4710/550

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas (letrado de oficio).

A tesourería-Recadación municipal e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 11895/111
Sentenza nº 177 do 21 de maio de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 506/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: desestimación presunta, por silencio negativo, do recurso de reposición interposto contra autoliquidacións
Expte: 40524-514

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima a demanda e considera que as liquidacións efectuadas polo IIVTNU (plusvalías) son correctas e axustadas a dereito.

Examinando as sentenzas do TC do ano 2017, e especialmente as posteriores do TS do 2018 e mesmo con alusión a outra do 2019, o Xulgado estima improcedentes as alegacións da parte demandante, quen pretendía a inaplicación absoluta do réxime legal, que só se declarou parcialmente inconstitucional. A maior abundamento, critica que non se achegara nin propuxera a parte actora ningún medio de proba para acreditar a inexistencia de valor, a diferenza do tramitado e aínda probado no acto da vista, que probou ese incremento de valor, e polo tanto, a procedencia das liquidacións e o seu axuste a dereito.

A Inspección de Tributos debe coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 11906/111
Sentenza nº 173 do 21 de maio de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 493/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución de data 17/10/2018 que estima parcialmente a reclamación derivada da responsabilidade patrimonial polos danos causados por caída na Avda. do Frago.
Expte: 5415/243

A sentenza estima parcialmente o recurso e incrementa o importe da contía da indemnización en 4.422,70 euros adicionalmente ao xa recoñecido na resolución impugnada. Sen imposición de custas. Comparecendo a compañía aseguradora do Concello no preito, unicamente se discutiu a cantidade a resarcir, que a demandante probou mediante a práctica da pericial do facultativo que compareceu na vista do procedemento. Esta persoa xustificou un período de curación superior ao recoñecido na vía administrativa e as secuelas.

Con base nese informe e a súa ratificación e contradición, acordou o Xulgado estimar a demanda, se ben indicando que responderá solidariamente a entidade aseguradora do Concello a partir da súa franquía.

O Departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto e proceder á súa execución, tendo en conta que xa se abonou unha parte da indemnización e que debe calcularse a parte pendente de abonamento polo Concello e aquela que exceda do importe da franquía.



Concello de Vigo

10.- Contencioso. Expediente nº 11925/111

Sentenza nº 124 do 16 de maio de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 38/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 09/11/2018 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra á resolución que desestima a solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos-autoliquidación IIVTNU.

Expte: 4691/550

Contía: 1.179,14 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso determinando que, trala doutrina establecida en casación, o único criterio para a fixación da base impositiva do IIVTNU é o previsto no Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que caiban outras alternativas.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o T.E.A. deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 11941/111

Decreto nº 61 do 8 de maio de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 46/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados en garaxe e trasteiro.

Ten por desistida á parte actora (Aqualia arranxou a avaría).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 11953/111

Sentenza nº 152 do 7 de maio de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 57/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da petición efectuada o 03/08/2018 relativa ás dificultades para camiñar libremente a consecuencia de que moitas terrazas invaden a zona destinada aos peóns.

Expte: 106925-210

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio e a XMU deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 11954/111

Sentenza nº 125 do 16 de maio de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 60/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do T.E.A. de data 19/10/2018 desestimatoria da reclamación formulada fronte a desestimación por silencio da solicitude de rectificación é devolución de ingresos indebidos-autoliquidación IIVTNU.

Exptes: 4720/550

Esta sentenza, firme, desestima o recurso determinando que, trala doutrina establecida en casación, o único criterio para a fixación da base impositiva do IIVTNU é o previsto no Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que caiban outras alternativas.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 11959/111
Sentenza nº 178 do 22 de maio de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 62/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Reclamación económica administrativa.
Exptes: 4738/550
Contía: 5.734,88 €

Esta sentenza, que é firme con imposición de custas á parte demandante, desestima o recurso e declara a adecuación de dereito da autoliquidación en concepto do IIVTNU (plusvalía).

Trala cita de diversa xurisprudencia (sobre todo, STC 59/2017 e posteriores do TS), se declara a adecuación a dereito do cálculo do imposto segundo o disposto no TRLRFL, sen que o demandante achegase medio de proba ningún sobre a inexistencia de incremento de valor, extremo sí probado pola administración.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 11994/111
Sentenza nº 179 do 22 de maio de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 53/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do T.E.A. que desestima reclamación económico administrativa interposta fronte a outra que desestima por silencio a solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos de IIVTNU.
Exptes: 4737/550
Contía: 697,99 €

Esta sentenza, que é firme con imposición de custas á parte demandante, desestima o recurso e declara a adecuación de dereito da autoliquidación en concepto do IIVTNU (plusvalía).



Concello de Vigo

Trala cita de diversa xurisprudencia (sobre todo, STC 59/2017 e posteriores do TS), declara a adecuación a dereito do cálculo do imposto segundo o disposto no TRLRFL, sen que o demandante achegase medio de proba ningún sobre a inexistencia de valor, extremo sí probado pola administración.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 12002/111

Decreto nº 18 do 2 de maio de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 69/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación expresa da reclamación de indemnización por responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 5548-243

Declara rematado o procedemento por desistimento da actora (indemnización polo contratista do alumeado de nadal).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

17.- Social. Expediente nº 12021/111

Sentenza nº 349 do 20 de maio de 2019

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 182/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: despedimento con vulneración de dereitos fundamentais, prestación servizos coa categoría de enxeñeira industrial dende 04/01/2018 na empresa UTE LUZE VIGO.

Esta sentenza estima parcialmente o recurso e resolve a improcedencia do despedimento da demandante por parte da empresa adxudicataria do servizo municipal de mantemento do alumeado público.

A demandante estivo contratada como interina por mor dunha excedencia que se produciu na empresa contratista e esta vacante debía cubri-la a adxudicataria por constar así nos pregos e porque expresamente o ofertou durante a licitación. A demanda plantexouse alegando a existencia de acoso e discriminación por razón de xénero contra a demandante.

Practicada a proba, con numerosas testemuñas, o xulgador concluíu a inexistencia de acoso e de discriminación, apreciando pola contra, unha improcedencia do despedimento por defectuosa redacción da carta de despedimento. Optando a empresa pola indemnización, e contratando posteriormente a outra persoa, se recoñece o dereito á percepción da contía indicada na sentenza, absolvendo ao Concello de Vigo, e mesmo xustificando que non procede a súa condena. Cómpre indicar que a parte demandante tampouco solicitaba a condena do Concello de Vigo.

Recóllese na sentenza a existencia dun ambiente de traballo relativamente conflictivo, pero que repercute nas relacións laborais da práctica totalidade da plantilla, non só na persoa da demandante. Tamén se recolle que a falta de rendemento da demandante e determinadas

decisións tomadas pola súa parte de modo unilateral, ou en contravención ás indicacións dos responsables da empresa, xustificaron a decisión extintiva recorrida.

A Área de Servizos Xerais e o responsable do contrato 15857/444 debe coñecer o resolto.

18.- Social. Expediente nº 12090/111

Auto do 8 de maio de 2019

TSX Galicia, Sala do Social da Coruña

Ordinario: 2817/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade, contrato de traballo coa empresa Emsebur, SL.

Contía: 4.744,47 €

Este Auto declara a firmeza da sentenza, ao non formular o seu recurso de suplicación a parte recorrente, a pesares de anunciálo, conforme á Lei 36/2011.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.



Concello de Vigo

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7 (531).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA “AFAGA” PARA A EXECUCIÓN DUN “PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSOAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA”(ANOS 2019-2021). EXPTE. 181005/301.

Visto o informe xurídico do 25/04/19, e o informe de fiscalización de data 30/05/19, dáse conta do informe-proposta do 24/04/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) ten como finalidade promover actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e unha mellor atención ós enfermos de Alzheimer e outras demencias.

I.2. A finalidade deste convenio é subvencionar un Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa, empadroadas no Concello de Vigo.

I.3. Os obradoiros teñen como obxectivos:

–Mellorar a calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e do seu núcleo de convivencia.

–Proporcionar ó grupo de convivencia os instrumentos máis axeitados para afrontar as situacións derivadas da doenza.

–Prolongar, na medida do posible, a primeira fase da enfermidade, cando a persoa enferma aínda conserva certo grao de autonomía.

I.4. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de

servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.5. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

I.6. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 -*Convenio AFAGA*–, por un importe de 18.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (18.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.7. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación AFAGA (exercicios de 2019, 2020 e 2021).

II. PROPOSTA

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias



Concello de Vigo

de Galicia" (CIF G-36776920), para a execución dun "Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa" – anos 2019-2021.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 54.000€, a razón de 18.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2019, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 -*Convenio AFAGA*-. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha "*convocatoria instrumental*" e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA" (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓN DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA – ANOS 2019-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI nº 36.073.858-Z, Presidente da "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia" (AFAGA), CIF nº G-36776920, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Martínez Garrido nº 21, interior, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, actuando en representación de AFAGA, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades. De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAGA son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social, etc.

II.- Que, dentro deses programas, conta cun “*Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa*” que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos*



Concello de Vigo

servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención

directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAGA para o desenvolvemento dun *“Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa”* (anos 2019-2021).

SEGUNDA.- Para estes efectos, AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento do Programa, co que se pretende traballar os aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe...), funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade...), proporcionar apoio emocional ós familiares dos asistentes ós obradoiros, procurarlles un tempo de lecer con actividades lúdicas e dotalos de coñecementos prácticos en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.

Para a inclusión no programa avaliarase a situación cognitiva e conductual, así como as capacidades básicas e instrumentais da vida diaria. Unha vez feita a avaliación, todas as persoas consideradas aptas para os obradoiros deberán ser incluídas no Programa.

TERCEIRA.- AFAGA comprométese tamén a:

–Aceptar ós beneficiarios (enfermos e familiares) que sexan derivados polo Departamento de Benestar Social do Concello, seguindo o criterio antes indicado.

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.



Concello de Vigo

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade AFAGA unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 18.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 54.000€. O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 – *Convenio AFAGA*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e,



Concello de Vigo

de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes de AFAGA e dous representantes municipais (un deles, o/a técnico/a do Departamento de Benestar Social responsable do Programa) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas



Concello de Vigo

que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

8 (532).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” (ANOS 2019-2021). EXPTE. 181136/301.

Visto o informe xurídico do 06/05/19, e o informe de fiscalización de data 31/05/19, dáse conta do informe-proposta do 03/05/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- A “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” é unha organización sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior, que ten como actividade fundamental a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos, preventivos e asistenciais e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.



Concello de Vigo

ALBORADA leva 30 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos adictivos e, partindo dunha Unidade Asistencial, conseguiu crear unha Comunidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de menores, unha Escola de familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro penitenciarios.

II.- Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de ALBORADA para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2019-2021», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dos usuarios da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

III.- O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

V.- O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar aos procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade, e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, se establecen liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio aos procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

VI.- O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das administracións competentes para a normalización destes recursos e a súa adecuada financiación e a mellora das infraestructuras e os recursos humanos dos recursos xa existentes.

VII.- Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga 2013-2020 e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/96, de 8 de maio de Galicia sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (da prevención de drogodependencias) e III



Concello de Vigo

(particularmente no que atinxe a atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

VIII.- A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

IX.- A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03, por un importe de 10.000€. As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (10.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

X.- En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2019-2021» .

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 30.000€, a razón de 10.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” (CIF G-36624963). No exercicio de 2019 o gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 -*Convenio coa Asociación Alborada*-. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANO 2019-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 6, CP 36201 de Vigo.



Concello de Vigo

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 28.02.2018, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación cidadana de lucha contra a droga ALBORADA” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como actividade fundamental a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos, preventivos e asistenciais e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.

II.- Que ALBORADA leva 30 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos adictivos e, partindo dunha Unidade Asistencial, conseguiu crear unha Comunidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de menores, unha Escola de familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro penitenciarios.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade con problemas de adicción e especiais dificultades de inserción social e laboral que poden verse favorecidas pola implementación dun programa de incorporación social en agricultura ecolóxica como o proposto por ALBORADA.

IV.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000

habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais



Concello de Vigo

que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

VII.- Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA, como é o caso de ALBORADA.

VIII.- Que o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (“*Convenio coa Asociación Alborada*”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención a favor da Asociación ALBORADA. Trátase, polo tanto, dunha subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

IX.- Que, de acordo co disposto nos Arts. 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

O presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación cidadana de lucha contra a droga ALBORADA” para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2019-2021», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dos usuarios da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

SEGUNDA.- A Asociación ALBORADA comprométese a colaborar activamente na execución dese Programa e, concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico para a execución do Programa, de acordo coa Memoria presentada.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.



Concello de Vigo

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación ALBORADA unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 10.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 30.000€. O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (“*Convenio coa Asociación Alborada*”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá

comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política Social, e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de ALBORADA e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- ALBORADA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMA.- ALBORADA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.



Concello de Vigo

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a existencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.



Concello de Vigo

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica

das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

9 (533).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL DOA PARA A EXECUCIÓN DUN “OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA” (ANOS 2019-2021). EXPTE. 181287/301.

Visto o informe xurídico do 13/05/19, e o informe de fiscalización de data 07/06/19, dáse conta do informe-proposta do 13/05/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social-Xefatura de Acción Social, a concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación de axuda ó enfermo mental DOA” é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes,



Concello de Vigo

procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

I.2. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación de axuda ó enfermo mental DOA” para o desenvolvemento dun OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA nos anos 2019, 2020 e 2021 para persoas con problemas de saúde mental.

I.3. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.4. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable*

como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

I.6. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 -*Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos*, por un importe de 7.290€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (7.290€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.7. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación DOA (exercicios de 2019, 2020 e 2021).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a «Asociación de axuda ó enfermo mental DOA» (CIF Nº G-36044295),



Concello de Vigo

para a execución dun OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA para persoas con problemas de saúde mental – anos 2019-2021.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 21.870€, a razón de 7.290€/ano, con cargo, no exercicio de 2019, á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – *Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó EFERMO MENTAL “DOA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES – ANOS 2019-2021: OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Leopoldo Robla Álvarez, con DNI nº 07939610-X, Presidente da “Asociación de axuda ó enfermo mental DOA”, CIF nº G-36044295, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 84 de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Leopoldo Robla Álvarez, actuando en representación da Asociación DOA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo adoptado na reunión da súa Asemblea Xeral do 23.10.2017, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación de axuda ó enfermo mental DOA” é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes, procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

Figura inscrita no Rexistro de Asociacións da provincia de Pontevedra co nº 1987/001524-1 (PO) e foi declarada de Utilidade Pública por Orde do Ministerio do Interior do 22.03.2001.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, DOA leva a cabo diversos obradoiros, como o que é obxecto deste convenio, que ten como obxectivos fomentar a adquisición de habilidades manuais por parte destas persoas doentes, diminuír o tempo adicado a pensamentos propios da súa doenza, fomentar a súa socialización compartindo un traballo común (cartón pedra, coiro e serigrafía) e fomentar a adquisición dos hábitos propios do desempeño dun traballo normalizado (cumprimento de horarios, normas...).



Concello de Vigo

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por enfermidades mentais que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2019 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Asociación de axuda ó enfermo mental DOA" para o desenvolvemento dun OBRADOIRO DE CARTÓN-PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA nos anos 2019-2021 para persoas con problemas de saúde mental.

SEGUNDA.- Para estes efectos, DOA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento do mencionado obradoiro, que se desenvolverá durante os anos 2019, 2020 e 2021 de acordo cos obxectivos, previsións e cronograma que figuran na proposta presentada pola Asociación e que constan no Exp. nº 181286/301.

TERCEIRA.- DOA comprométese tamén a:



Concello de Vigo

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade DOA unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 7.290€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 21.870€. O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – *Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2019-2021).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En



Concello de Vigo

todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous/dúas representantes de DOA e dous/dúas representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).



Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

10 (534).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO» PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS (ANOS 2019-2021). EXPTE.181042/301,

Visto o informe xurídico do 29/04/19, e o informe de fiscalización de data 12/06/19, dáse conta do informe-proposta do 26/04/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (ASV) para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos.



Concello de Vigo

I.2. A ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade.

–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.3. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.4. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.5. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 - *Convenio programa sordos*, por un importe de 20.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (20.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.6. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (exercicios de 2019, 2020 e 2021).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Asociación de personas sordas de Vigo” (CIF G-36622835), para a prestación do servizo de intérprete de língua de signos (anos 2019-2021).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 60.000€, a razón de 20.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2019, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 - *Convenio programa sordos*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2019-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019



Concello de Vigo

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

D. Antonio Castro Neira, Presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Antonio Castro Neira, con DNI nº 33.304.797-S, actuando en representación da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.

II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias



Concello de Vigo

ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que, ademais, segundo a normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.

VII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VIII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos (anos 2019-2021).

SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:

- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.
- Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.
- Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.
- O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.
- O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.
- O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 20.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 60.000€.

O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº aplicación nº 2310.489.00.02 – *Convenio Programa Sordos*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021)



Concello de Vigo

estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiara deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá

superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por



Concello de Vigo

calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluíra unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación

(RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma



Concello de Vigo

proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Benestar Social responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO SÉTIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO OITAVA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu

Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

11 (535).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A UNICEF - PROXECTO: “SUBMINISTROS E SERVIZOS ESENCIAIS DE NUTRICIÓN PARA AS NENAS, NENOS E MULLERES MÁIS VULNERABLES – UNICEF SIRIA 2019”. EXPTE. 181672/301.

Visto o informe de fiscalización do 5/06/19, dáse conta do informe-proposta do 9/05/19, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 13.03.2019 (Códigos solicitude W330887-6756 e W330893-5783; Docums. Núms 190037562, 190037580 e 190037585) a Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria, co que se pretende mellorar o estado nutricional de nenas e nenos menores de 5 anos e de nais en estado de xestación ou lactancia na Zona Noreste de Siria e Aleppo.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 07.05.2019, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de UNICEF para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).



Concello de Vigo

- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDlex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. A Convención Internacional sobre os dereitos do neno, ratificada por España en 1990, consagra, entre outros, o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación orientada a desenvolver a súa personalidade e capacidades, ó descanso e o lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e tamén o deber dos Estados de adoptar todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos/as nenos/as afectados/as por un conflito armado (Arts. 28-31, 38 e ccdtes.).

III.2. UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, é a organización líder mundial neste ámbito e conta con presenza activa en máis de 190 países. Na actualidade, a Oficina de UNICEF en Siria traballa para protexer os dereitos dos nenos/as afectados/as polo conflito e as súas familias, procurando garantir a súa supervivencia.

III.3. Tal como se indica no proxecto presentado para este ano: *«La estrategia humanitaria de UNICEF en Siria en 2019 se dirige a las poblaciones con mayor necesidad humanitaria. UNICEF continuará liderando los sectores de agua, saneamiento e higiene (WASH), educación y nutrición y el subsector de protección de la infancia y trabajará en estrecha colaboración con sus aliados en la ejecución del programa dentro de la República Árabe Siria y más allá de las fronteras. Se proporcionará apoyo humanitario inmediato para salvar vidas junto con los programas de resiliencia a largo plazo a través de convoyes en los cruces fronterizos, intervenciones transfronterizas y aplicación de forma regular de programas en áreas accesibles. La respuesta global de UNICEF incluye acciones en los sectores de Salud, WASH, Nutrición, Educación y Protección. UNICEF Comité Español solicita la colaboración del Concello de Vigo para apoiar el Programa de salud y nutrición de UNICEF en Siria, para mejorar el estado nutricional de niñas y niños menores de 5 años y madres en estado de gestación o lactancia...».*

III.4. As persoas beneficiarias directas do proxecto de UNICEF: “*SUBMINISTROS E SERVICIOS ESENCIAIS DE NUTRICIÓN PARA AS NENAS, NENOS E MULLERES MÁIS VULNERABLES – UNICEF SIRIA 2019*” serán, pois, as mulleres embarazadas ou en período de lactancia e os nenos e as nenas menores de 5 anos residentes na Zona Noreste de Siria e Aleppo, atendendo tanto á poboación desprazada pola violencia como á poboación de acollida.

III.5. As actividades incluídas nese proxecto desagréganse do seguinte xeito:

- Actividade 1.1. Identificación das nenas, nenos e mulleres embarazadas ou en período de lactancia con desnutrición (nenos e nenas menores de 5 anos con desnutrición aguda e crónica e mulleres embarazadas e en período de lactancia con desnutrición aguda).
- Actividade 1.2. Tratamento dos casos diagnosticados como deficiencia de micronutrientes entre as nenas e nenos menores de 5 anos e as mulleres embarazadas ou en período de lactancia.
- Actividade 1.3. Tratamentos dos casos de nenos e nenas diagnosticados con desnutrición aguda grave con alimentos terapéuticos listos para usar e outros subministros.



Concello de Vigo

III.6. O orzamento estimado por UNICEF para levar a cabo este proxecto humanitario é de 20.000€ (VINTE MIL EUROS); importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo.

III.7. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de UNICEF por esa mesma cantidade (20.000€) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrncia no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.8. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no

de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. No proxecto presentado ó Concello de Vigo por UNICEF xustifícase expresamente a súa coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria da “*Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo*” (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación* (na actualidade: «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» e «Estrategia humanitaria de contexto 2018 – 2019 Siria e Iraq») como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas hoxe no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estra-



Concello de Vigo

técnicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.12. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria co que se pretende mellorar o estado nutricional de nenas e nenos menores de 5 anos e nais en estado de xestación ou lactancia na Zona Noreste de Siria e Aleppo, de acordo co documento e a proposta presentadas ó Concello de Vigo: “*SUBMINISTROS E SERVIZOS ESENCIAIS DE NUTRICIÓN PARA AS NENAS, NENOS E MULLERES MÁIS VULNERABLES – UNICEF SIRIA 2019*”.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia), CIF G – 84451087.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de UNICEF: “*SUBMINISTROS E SERVIZOS ESENCIAIS DE NUTRICIÓN PARA AS NENAS, NENOS E MULLERES MÁIS VULNERABLES – UNICEF SIRIA 2019*”, co que se pretende previr a desnutrición crónica, a lactancia materna exclusiva, o tratamento da desnutrición aguda e a suplementación con micronutrientes.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán as mulleres embarazadas ou en período de lactancia e os nenos e nenas menores de 5 anos residentes na Zona Noreste de Siria e Aleppo. Identificarase á poboación vulnerable e facilitaráselle os subministros necesarios: micronutrientes (vitaminas e

minerais), alimentos terapéuticos listos para usar, galletas enerxéticas, suplementos nutricionais e medicamentos esenciais.

3º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (20.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (UNICEF), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF en Siria, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2019 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de



Concello de Vigo

identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ó que se destinan (“*Remittance Advice*”).
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio (“*Official Receipt*”).
- Certificado da subvención recibida asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.
- Ficha – resumo da situación de emerxencia.

En xuño de 2020 entregárase, ademais, un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2019.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexera-se, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12 (536).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN, DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2019/2020. EXPTE. 23656/332.

Dáse conta da referida Resolución da concelleira-delegada de Educación, de data 14/06/19, que di o seguinte:

Vista a proposta contida no informe do técnico superior do Servizo de Educación de data 6 de xuño de 2019, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2019/2020

RESOLVO:

- 1) Estimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 1, 2, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 17, 18, 19, 21 e 22 do Anexo "Reclamacións presentadas ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2019-2020".
- 2) Desestimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 3, 4, 5, 8, 9, 14, 15, 16 e 20 do Anexo "Reclamacións presentadas ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2019-2020".
- 3) Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM): escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta-Casco Vello, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Navia, Bouzas e Costeira-Saiáns, para o curso 2019-2020, que se inclúen no expediente.
- 4) Ordenar a publicación das citadas listas no taboleiro de anuncios das escolas infantís municipais e na páxina web escolasvigo.org/reim.
- 5) Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións



Concello de Vigo

Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou esta resolución no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da notificación ou publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13 (537).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2019 EXPTE. 7909/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 06/05/19, e o informe de fiscalización do 04/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/06/19, asinado polo técnico de Xestión do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e Turismo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 30 de abril de 2019 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2019.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vinte grupos de música, danza e canto tradicionais galegos e seis grupos de teatro, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos

mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 13.500,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Vente con Nós".

O importe do programa "Vente con Nós" ascende a 19.300,00 euros, sendo os gastos de administración e dirección técnica 4.900,00 euros e correspondendo 14.400,00 euros ás corenta e seis actuacións de grupos de música, danza e teatro. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.



Concello de Vigo

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” 2019.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2019.

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don ROBERTO GIRALDEZ BARBEITOS con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, C.I.F. G-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 7909/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais ten entre os seus fins estatutarios

“Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades”;

“Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins”;

“Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación.”

IV.- No ámbito das súas competencias, o Concello ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas



Concello de Vigo

nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para a organización do programa “Vente con Nós”.

IX.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7909/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o devandito programa da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais comprométese ao desenvolvemento dos programas “**Vente con Nós**” e “**Semana do Teatro afeccionado**”, que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado, respectivamente, asumindo as seguintes obrigas:

1º- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

a) Participarán 20 grupos artísticos de música e danza tradicional e 6 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 40 (corenta), dúas actuacións por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:

- 10 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.
- 15 actuacións Día Internacional da Danza.
- 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo.

En canto á Semana de Teatro afeccionado, é de 5 (cinco) actuacións de teatro, unha actuación por entidade.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (15 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (5 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 11.400,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (640,00 euros por grupo, correspondente a dúas actuacións)

Grupo de Baile “Andarela”
Grupo de Baile “Asubío”
Grupo de Baile “O Fiadeiro”.
Grupo de Baile: C.S.C.R de “Beade”
Grupo de Baile “C.C.A.R. de Valladares”
Grupo de Baile “A.F. Corisco”
Grupo de Baile “CRAC de Coruxo - A Buxaina”
Grupo de Baile “Froles Novas
Grupo de Baile “Helios de Bembrive”
Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”
Grupo de Baile: A.C. “O Coto”
Grupo de Baile: A.F. “Queixumes”
Grupo de Baile “Os ventos de Comesaña”
Grupo de Baile “Traspés”
Grupo de Baile “A. Monteiro”

CATEGORIA B: (360,00 euros por grupo (correspondente a dúas actuacións)

Grupo de Baile “C.C.R. Cabral”
Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”
Grupo de Gaitas “CCA Rueiro de Coia”
Grupo de Gaitas “A.X. de Tempo Libre Vagalume”
Grupo de Gaitas “S.C. Pardavila”

Establécese un importe por actuación dos **grupos de teatro** de 500,00 euros, sendo o importe total dos grupos de teatro de 3.000,00 euros.

Grupo de Teatro “S.C.R. Atlántida de Matamá”
Grupo Porta Aberta Teatro.
Grupo Teatro Escoitade de Valadares
Grupo de Teatro “Tarantela” de Beade
Grupo de Teatro “Rueiro”



Concello de Vigo

Grupo "Helios" de Bembrive

- d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).
- e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.300,00 euros, 14.400,00 euros correspondentes ás corenta actuacións de grupos e ás seis actuacións de teatro e 4.900,00 aos gastos de administración e dirección técnica.

O Concello ten previsto unha achega de 13.500,00 euros con cargo á aplicación 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha achega de 5.800,00 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.

2º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 032074292 con Allianz compañía de seguros y reaseguros SA, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que consta no expediente.

3º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

4º.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as "certificacións de actuacións" que se inclúen como "Anexo II" ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

6º- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel material que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.
- c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.

- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garantan os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados no pacto vixésimo segundo. Priorizaranse as solicitudes daquelas entidades que non estean asociadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais e que se detallan no pacto 1.1 deste convenio.

2º- Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.

Se a data estivese dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co Concello, entendéndose aceptada a actuación. No caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola Agrupación a notificar e acreditar, no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do Concello non será aboada con cargo a este convenio.

3º- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa Agrupación.

5º- Conceder directamente á Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2019. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación



Concello de Vigo

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES42.2080.5027.2130.4002.2883, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se

achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2019, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.



Concello de Vigo

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais,, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Vixésimo terceiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican



Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO



ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2019

D/Dna.....	DNI.....		
..teléfono.....	en representación da entidade		
.....		
con	domicilio	social	na
rúa.....	nº.....
CP.....	Teléfono.....	correo electrónico.....

SOLICITA que o Servizo de Festas lle conceda unha actuación do programa “VENTE CON NÓS” con cargo ao convenio coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, vixente para o exercicio, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e **DECLARA** coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o estipulado na cláusula segunda do antedito convenio que deseguido se indican.

1. Lugar de actuación

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

2. Os grupos serán designadas polo Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo atendendo a súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Vigo, de de 2019

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

**CONCELLO
DE VIGO**



OBRIGAS DAS ENTIDADES RECEPTORAS DE ACTUACIÓN.

As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel material que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.
- c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garantan os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:



Concello de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA, DANZA E CANTO
TRADICIONAIS GALEGOS E GRUPOS DE TEATRO.
PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2019.**

D/Dna.....	DNI.....
..teléfono.....	
...	
en representación da entidade	
.....	
CIF, con domicilio social na rúa nº	
Tlf.....correo	
electrónico.....	

EXPÓN:

<p>1. Que o grupo realizou unha actuación programada polo Servizo de Festas na citada entidade, o día de de 2019, endentro do programa de actuacións “VENTE CON NÓS”</p> <p>2. Que o grupo presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.</p>

OBSERVACIÓNS

E

SUXESTIÓNS :.....

.....

.....

VIGO, de de 2019

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

14 (538).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS EXPTE. 7922/335.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 14/06/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	85 puntos
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	81,44 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 e no apartado 16.G do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (“documentación acreditativa da experiencia do persoal valorada como criterio de adxudicación no apartado 7.b.2 desta FEC”).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

15 (539).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2019. EXPTE. 9022/224

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/05/19, asinado pola axente de Igualdade e Oportunidade, a xefa do servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, a asesora xurídica do Servizo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 21.02.2019 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2019.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 46.000,00€ (corenta e seis mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 01.03.2019 e 12.03.2019, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 13 de marzo e rematou o 27 de marzo de 2019.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 57 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Asociación veciñal A Feira Cabral, con CIF G36729796, presenta solicitude de subvención de dous proxectos: "Técnica de base no arranxo floral" (expediente 9121-224) e "Vivir en Igualdade" (expte 9127-224). Mediante escrito presentado no rexistro electrónico municipal en data 26/03/2019, a entidade renuncia ao proxecto "Técnica de base no arranxo floral".

A entidade "CCR de Cabral", con CIF V36658680, presenta solicitude de subvención de dous proxectos: "Vivir en Igualdade" (expediente 9148-224) e "Restauración" (expte 9172-224). Mediante escrito presentado no rexistro electrónico municipal en data 02/04/2019, a entidade renuncia ao proxecto "Vivir en Igualdade".

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da Base Oitava), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo III).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 10 de maio de 2019 con obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

a) Por non atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude. Apartado 1.b. da base quinta das Bases reguladoras do programa :

(Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos : (...) b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.)

- “Asociación sociocultural As da Industria”, con CIF: G27852755. Expte. 9179-224.

b) Porque a xuízo da Comisión de Valoración a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.h. da base quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.b. da base quinta):



Concello de Vigo

- “Asociación de Venezolanos Unidos en Vigo”, con CIF: G27855741. Proxecto: “Vigo contigo en igualdade”. Expediente 9163-224.
- “Club deportivo Freeslalom Vigo”, con CIF G27722305. Proxecto “Jornadas de tecnificación deportiva patinaxe freestyle y velocidade”. Expediente 9168-224.
- “Afaga Alzheimer”, con CIF G36776920. Proxecto “Actuacións de fomento da corresponsabilidade de xénero nos cuidados de persoas con alzheimer e outras demencias”. Expediente 9176-224.

c) Por non acadar a puntuación mínima de 10 puntos que establece o apartado 1 da Base Sétima, polo que de acordo co establecido na mesma base e no punto 2k) da Base Quinta, estes proxectos non serán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indica unha mala definición e calidade do proxecto presentado:

- “ANHIDA: Asociación de niños/as con hiperactividad y/o déficit de atención”, con CIF: G36938272, para o proxecto “Taller de igualdade de xénero jóvenes TDAH”, expediente 9114-224.
- “Asociación Benéfica Beiramar de Vigo”, con CIF: G36634608, para o proxecto: “Leader Code”, expediente 9153-224.

2º.- Conceder, con cargo á partida “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos no ano 2019 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres”, por un importe total de corenta e cinco mil novecentos e noventa e nove euros con oitenta e sete céntimos (45.999,87 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36861078	Fundación Érguete Integración	Xornada: Muller, desemprego e exclusión social, unha ollada con perspectiva de xénero	36,00	1.140,00 €	1.140,00 €
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Composicións florais a carta	18,00	1.600,00 €	635,26 €
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Construcións e estruturas florais	18,00	1.600,00 €	635,26 €
G36648988	A V C D San Xurxo de	Cerámica de iniciación		1.200,00 €	

	Saiáns		17,00		599,98 €
G15169949	Fundación Luis Tilve	Edición, impresión e difusión da publicación "Hildegart na prensa (1929-1932). Un exemplo de activismo feminino"	22,00	2.500,00 €	776,44 €
G36642726	Asoc. Axuda ao Toxicómano Érguete	Incorporación da perspectiva de xénero en drogodependencias. Perfeccionamento	34,00	1.300,00 €	1.199,94 €
G36627453	Asoc. Viguesa de Alcohología ASVIDAL	Constrúe V	32,00	1.381,00 €	1.129,36 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Tecidos de reciclaxe	14,00	700,00 €	494,10 €
G36842284	A VV Praza da Miñooca	Reformar, reciclar e tunear	11,00	1.290,00 €	388,22 €
G36640985	A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	20,00	2.250,00 €	705,85 €
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico	16,00	3.000,00 €	564,68 €
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Taller de alimentación saudable	20,00	2.250,00 €	705,85 €
G36729796	A VV Feira Cabral	Vivir en Igualdade	33,00	1.530,00 €	1.164,65 €
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	Claves para unha comunicación efectiva	21,00	1.210,00 €	741,14 €
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	VIII Premio de microrrelatos "Mulleres Progresistas"	32,00	2.500,00 €	1.129,36 €
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Empoderándonos para unha participación activa	33,00	2.275,00 €	1.164,65 €
G28197564	Asc Española contra el cáncer Vigo	Curso de Auxiliar de Xeriatria	27,00	3.000,00 €	952,90 €
G27864081	Club de Oratoria y Debate Escolar CODE	Programa de promoción das mozas a través da mellora das súas habilidades comunicativas	21,25	3.000,00 €	749,97 €

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Productos del Mar	V Xornadas divulgación sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro. Historia do sector en Vigo en clave de xénero	33,25	1.100,00 €	1.100,00 €



Concello de Vigo

G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Vivir en Igualdade	33,00	1.530,00 €	1.164,65 €
G36633428	SCRD Helios	Técnicas de mellora para a saúde	16,00	1.890,00 €	564,68 €
G36622835	Asoc. De Personas Sordas de Vigo	XIII Edición: O Empoderamento das mulleres xordas	33,00	600,00 €	600,00 €
G36654036	A VV San Pedro de Matamá La Unión	Restauración e decoración do moble	21,00	3.000,00 €	741,14 €
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Mulleres con moito que dicir	26,00	3.000,00 €	917,60 €
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller: Educación para a saúde	30,50	3.000,00 €	1.076,42 €
G27745397	Fundación para a pesca y marisqueo FUNDAMAR	V Xornadas divulgación sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro. Historia do sector en Vigo en clave de xénero	33,25	1.100,00 €	1.100,00 €
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Construcións e estruturas flo-rais	26,00	1.254,99 €	917,60 €
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Vivir en Igualdade	33,00	1.530,00 €	1.164,65 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Vivir en Igualdade	38,00	1.650,00 €	1.341,12 €
G36623593	AVCD Monte da Mina de Castrelos	Curso de restauración e decoración do moble	14,00	2.955,00 €	494,10 €
G27712306	Asoc. Mulleres en Igualdade Vigo	Talleres formativos: Muller "A tecnoloxía en igualdade"	27,00	3.000,00 €	952,90 €
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan muller en Coruxo 2019	18,00	3.000,00 €	635,26 €
G36662971	Asoc. Mulleres Lúa de Bem-brive	Restauración e decoración do moble	14,00	2.752,00 €	494,10 €
G36654184	A VV O Freixo	Informática básica	16,00	1.200,00 €	564,68 €
G36621704	Anpa Paraixal	Educando en igualdade	31,00	3.000,00 €	1.094,07 €

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Achégate a ti mesma	36,00	1.950,00 €	1.270,53 €
G36648293	A VV do Calvario	Curso "Introdución a windows e navegación web"	20,00	1.500,00 €	705,85 €
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	MMM: Visibilizando para mudar o mundo	31,00	600,00 €	600,00 €
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Vivir en Igualdade	33,00	1.530,00 €	1.164,65 €
G36648640	AVSC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller	16,00	3.000,00 €	564,68 €
G36621290	Casa de Andalucía	Taller autodefensa feminista	31,00	1.200,00 €	1.094,07 €
G15103112	Sindicato Nacional de CCOO Unión Comarcal de Vigo	XXIV Encontros Sindicais da muller: Igualdade e non discriminación da muller	49,50	2.200,00 €	1.746,98 €
G36633618	AVCD de Consumidores e Usuarios Lavadores	Vivir en Igualdade	33,00	1.530,00 €	1.164,65 €
G36648186	A VV Camiño Vello de Coia	Restauración de decoración do moble	14,00	2.752,00 €	494,10 €
G35103431	Radio Ecca Fundación Canaria	Proxecto Tempo. Edic. 7	27,00	1.995,00 €	952,90 €
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Orgullo LGTBIQ+Vigo 2019	42,00	3.000,00 €	1.482,28 €
G15383011	Unión Xeral de Traballadores/as de Galicia UXT	XXIV Encontros Sindicais da muller: Igualdade e non discriminación da muller	49,50	2.200,00 €	1.746,98 €
V36658680	CRC de Cabral	Restauración	18,00	2.752,00 €	635,26 €
G27783950	Asociación Diversidades	Donas da cidade	30,00	2.163,40 €	1.058,78 €
G3688992	Asoc de mulleres de Cabral "Rosalía de Castro"	Curso de pilates	19,00	1.082,20 €	670,56 €
G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divírte-te. Teñámonos en conta.	24,00	2.500,00 €	847,02 €
TOTAL			1.341,25		45.999,87 €



Concello de Vigo

16 (540).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR 2019 (2º). EXPTE. 102723/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/06/19, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201900003381	9121.2200100	1.000,00	983,20	16/01/19	09/04/19	16/04/19	16,80	—
Abalde Comesaña Raquel	201900003383	9120.2269900	700,00	597,30	16/01/19	09/04/19	16/04/19	102,70	—
Abalde Comesaña Raquel	201900011977	9120.2269900	109,00	108,90	19/02/19	09/04/19	19/05/19	0,10	—
Barbará Rodríguez Beatriz	201900003315	9200.2260300	3.000,00	2.928,29	16/01/19	21/05/19	16/04/19	71,71	—
Espada Recarey Luis	201900006238	9250.2200100	500,00	500,00	25/01/19	12/04/19	25/04/19	----	—
Espada Recarey Luis	201900006239	9250.2200000	500,00	500,00	25/01/19	12/04/19	25/04/19	----	—
Fernández Fernández Paz	201900029887	2310.4800002	2.904,60	2.904,60	30/04/19	08/05/19	30/07/19	----	—
García Álvarez Luis	201900005526	2311.4800000	3.500,00	3.500,00	23/01/19	12/04/19	23/04/19	----	—
García Álvarez Luis	201900008678	4412.2279900	4.000,00	2.845,99	01/02/19	03/05/19	01/05/19	1154,01	—
Gutiérrez Orúe Francisco José	201900009614	2410.1620001	250,00	250,00	06/02/19	06/05/19	06/05/19	----	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003405	1320.2312000	200,00	----	16/01/19	17/04/19	16/04/19	200,00	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003408	1320.2269900	500,00	324,46	16/01/19	17/04/19	16/04/19	175,54	—

Martínez Muñoz Francisco	201900003420	1320.2120000	1.000,00	945,87	16/01/19	17/04/19	16/04/19	54,13	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003427	1320.2130000	500,00	24,20	16/01/19	17/04/19	16/04/19	475,80	---
Martínez Muñoz Francisco	201900003432	1320.2190000	1.000,00	----	16/01/19	17/04/19	16/04/19	1.000,00	---
Martínez Muñoz Francisco	201900003443	1320.2200000	100,00	----	16/01/19	17/04/19	16/04/19	100,00	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900003316	2310.4800000	150.000,00	125.581,94	16/01/19	08/05/19	16/04/19	24.418,06	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900016872	2310.4800002	7.551,66	7.551,66	07/03/19	15/04/19	07/06/19	----	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900022666	2310.4810000	340,00	255,00	25/03/19	23/04/19	25/06/19	85,00	—
Vega Andión Oscar Miguel	201900003400	9311.1620000	750,00	750,00	16/01/19	16/01/19	16/04/19	----	—
Vega Andión Oscar Miguel	201900005386	9200.2219902	500,00	173,71	23/01/19	24/04/19	23/04/19	326,29	—
Vivero Mijares Antonio	201900003402	1350.2269901	4.000,00	3.999,15	17/01/19	17/04/19	17/04/19	0,85	---
TOTAL			182.905,26	154.724,27				28.180,99	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201900003315 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201900008678 de García Álvarez Luis e 201900003316 de Núñez-Torrón López Jesús.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	



Concello de Vigo

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201900003315 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201900008678 de García Álvarez Luis, 201900003316 de Núñez-Torrón López Jesús non se renderon dentro do prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201900003381	9121.2200100	1.000,00	983,20	16/01/19	09/04/19	16/04/19	16,80	—
Abalde Comesaña Raquel	201900003383	9120.2269900	700,00	597,30	16/01/19	09/04/19	16/04/19	102,70	—
Abalde Comesaña Raquel	201900011977	9120.2269900	109,00	108,90	19/02/19	09/04/19	19/05/19	0,10	—
Barbará Rodríguez Beatriz	201900003315	9200.2260300	3.000,00	2.928,29	16/01/19	21/05/19	16/04/19	71,71	—
Espada Recarey Luis	201900006238	9250.2200100	500,00	500,00	25/01/19	12/04/19	25/04/19	----	—
Espada Recarey Luis	201900006239	9250.2200000	500,00	500,00	25/01/19	12/04/19	25/04/19	----	—
Fernández Fernández Paz	201900029887	2310.4800002	2.904,60	2.904,60	30/04/19	08/05/19	30/07/19	----	—
García Álvarez Luis	201900005526	2311.4800000	3.500,00	3.500,00	23/01/19	12/04/19	23/04/19	----	—

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
García Álvarez Luis	201900008678	4412.2279900	4.000,00	2.845,99	01/02/19	03/05/19	01/05/19	1154,01	—
Gutiérrez Orúe Francisco José	201900009614	2410.1620001	250,00	250,00	06/02/19	06/05/19	06/05/19	----	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003405	1320.2312000	200,00	----	16/01/19	17/04/19	16/04/19	200,00	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003408	1320.2269900	500,00	324,46	16/01/19	17/04/19	16/04/19	175,54	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003420	1320.2120000	1.000,00	945,87	16/01/19	17/04/19	16/04/19	54,13	—
Martínez Muñoz Francisco	201900003427	1320.2130000	500,00	24,20	16/01/19	17/04/19	16/04/19	475,80	---
Martínez Muñoz Francisco	201900003432	1320.2190000	1.000,00	----	16/01/19	17/04/19	16/04/19	1.000,00	---
Martínez Muñoz Francisco	201900003443	1320.2200000	100,00	----	16/01/19	17/04/19	16/04/19	100,00	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900003316	2310.4800000	150.000,00	125.581,94	16/01/19	08/05/19	16/04/19	24.418,06	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900016872	2310.4800002	7.551,66	7.551,66	07/03/19	15/04/19	07/06/19	----	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900022666	2310.4810000	340,00	255,00	25/03/19	23/04/19	25/06/19	85,00	—
Vega Andión Oscar Miguel	201900003400	9311.1620000	750,00	750,00	16/01/19	16/01/19	16/04/19	----	—
Vega Andión Oscar Miguel	201900005386	9200.2219902	500,00	173,71	23/01/19	24/04/19	23/04/19	326,29	—
Vivero Mijares Antonio	201900003402	1350.2269901	4.000,00	3.999,15	17/01/19	17/04/19	17/04/19	0,85	---
TOTAL			182.905,26	154.724,27				28.180,99	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17 (541).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO MES DE MAIO DE 2019. EXPTE. 2600/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/06/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de maio de 2019.

Expediente	2570-334. 3 actividades de música infantil en galego, arrolos e xogos de mans para público familiar
Resolución concelleira	data 2 de maio de 2019
Informe Intervención	RC 30704
Adxudicatario	Luís Prego Fernández
Importe	900,00 euros

Expediente	2572-334. Realización dun obradoiro de teatro improvisado de 25 horas e dirixido a público adulto
Resolución concelleira	data 6 de maio de 2019
Informe Intervención	RC 30989
Adxudicatario	Manuel Polo Pérez
Importe	1.089,00 euros

Expediente	2573-334. Realización de 4 charlas sobre intelixencia emocional, coidados para bebés e pautas de crianza axeitada
Resolución concelleira	data 7 de maio de 2019

Informe Intervención	RC 31698
Adxudicatario	Raquel Bello Varela (nome comercial: Espazo Oikos)
Importe	1.100,00 euros

Expediente	2574-334. 1 percorrido literario “De mar e de lume, fillos todos do Vigo vello...” en maio de 2019
Resolución concelleira	data 13 de maio de 2019
Informe Intervención	RC 32493
Adxudicatario	Pedro Feijoo Barreiro
Importe	150,00 euros

Expediente	2575-334. Percorrido literario “O Vigo de Carlos Manso” en xuño de 2019
Resolución concelleira	data 13 de maio de 2019
Informe Intervención	RC 32494
Adxudicatario	Manuel Esteban Domínguez
Importe	150,00 euros

Expediente	2576-334. Realización do proxecto “Recollida e transmisión do patrimonio oral”
Resolución concelleira	data 21 de maio de 2019
Informe Intervención	RC 34608
Adxudicatario	A.C.F. O Fiadeiro
Importe	1524,60 euros

Expediente	2579-334. Obradoiro “Tempo de san Xoán. Un paseo pola vexetación e a cultura”
Resolución concelleira	data 24 de maio de 2019



Concello de Vigo

Informe Intervención	RC 35567
Adxudicatario	Marcelo Rodríguez Acosta (faia-educación ambiental)
Importe	1115,62 euros

Expediente	2583-334. Realización de 5 contadas en lingua galega para neste verán de 2019 para público familiar
Resolución concelleira	data 31 de maio de 2019
Informe Intervención	RC 39197
Adxudicatario	Raquel Rodríguez García (nome artístico: Raquel Queizás)
Importe	1.485,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18 (542).- INCOACIÓN DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN OTORGADA O RESTAURANTE CAMALEÓN. EXPTE. 20244/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 03/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área Xestión Patrimonial e Territorial, e polo concelleiro-delegado de Patrimonio en funcións, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- L 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AAPP. (LPACAP).
- L 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- L 22/2003 de 9 de xullo, Concursal (LC)
- Prego de condicións administrativas aprobadas por acordo plenario de 3 xullo de 1984 polo que se rixe a concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurant na Praia de Samil.

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- O Pleno Municipal, na súa sesión do 3 de xullo de 1984, aprobou o proxecto tipo para bar restaurante con vestuarios anexos na praia de Samil e, así mesmo, o Prego de condicións para a adxudicación, mediante concurso, da construción e explotación de seis bares-restaurantes e vestuarios públicos na praia de Samil.

Na data 21/12/1984 adxudicouse polo Pleno a D. Isaac Floriano Penela Fernandez, consonte á oferta presentada e o prego de condicións administrativas aprobado, a concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurante na Praia de Samil.

Dita concesión administrativa formalizouse en escritura pública autorizada polo Notario D. Luciano Canoa Galiana na data 22/7/1985, baixo o número 581 do seu protocolo.

A actual concesionaria, CAMALEON SA, adquiriu os dereitos concesionais por cesión do concesionario (D. Isaac Floriano Penela), autorizando a transmisión ao Pleno municipal o 30 de outubro de 1985, nas mesmas condicións que rexiron á adxudicación, e formalizándose a cesión en escritura pública de data 6/11/1985.

SEGUNDO.- Na actualidade a sociedade concesionaria atópase en concurso, declarado por Auto de data 19/2/2019 do Xulgado do Mercantil nº3 de Pontevedra, tendose designado como Administrador Concursal a D. Javier Perez Asenjo, e intervíndose as facultades de administración e disposición da sociedade.

TERCEIRO.- Por oficio do Concelleiro delegado de Patrimonio do 31/01/2019 requeriuse á concesionaria CAMALEON SA para que no prazo de 30 días, procedese ao aboamento das débedas que en relación á concesión administrativa da que é titular mantén coa facenda municipal polos seguintes conceptos e importes:

CONCEPTO	ANO	RECIBO	OBXETO TRIBUTARIO	PENDENTE
CONCESIONS	2018	187023638	AV SAMIL, 12	4219,81
CONCESIONS	2017	177022176	AV SAMIL	1658,68
IBI	2017	170064739	AV SAMIL, 26 Esc T ODOS	1388,18
EUI	2018	186012668	AV SAMIL, 12 BX	724,64
IBI	2018	180064739	AV SAMIL, 26 Esc T ODOS	1378,41
				9369,72

CUARTO.- Pola Recadación executiva da Tesourería municipal, informouse o pasado 25/04/2019 que a entidade Camaleón S.A, figura como debedora a esta facenda municipal polos recibos e liquidacións que se detallan a continuación :



Concello de Vigo

CONCEPTO	ANO	RECIBO	OBXETO TRIBUTARIO	IMPORTE ppal
TAXA CONCESIONS	2017	177022176	AV SAMIL	1.315,51
IBI	2017	170064739	AV SAMIL, 26 Esc T ODOS	1.115,00
EUI	2018	000001107847	AV SAMIL, 12 BX	594,45
IBI	2018	000006473994	AV SAMIL, 26 Esc T ODOS	1.139,02
TAXA CONCESIONS	2018	018702363836	AV SAMIL, 12	3.449,47
RECARGO APREMIO	-	-	-	1.522,68
XUROS DEMORA	-	-	-	262,94
COSTAS	-	-	-	12,55

As débedas relacionadas están suspendidas toda vez que a mercantil Camaleón S.A foi declarada mediante auto de data 19 de febreiro de 2019 do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra en Concurso de Acreedores.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Dacordo co Prego de Condicións administrativas para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurante na Praia de Samil, aprobado por acordo do pleno municipal 3/7/1984, que serviu de base na adxudicación do concurso público e polo que ríxese a concesión administrativa da que é titular a sociedade Camaleón S.A, o concesionario ten a obriga de satisfacer o canon mínimo fixado no Prego de condicións, así como todos os impostos, arbitrios, taxas e contribucións de índole fiscal que graven este tipo de explotacións.(Clausula IX, f).

SEGUNDO.- O art. 100 da LPAP dispón que as concesións e autorizacións demaniais se extinguirán polas seguintes causas: (...) f) *Falta de pago do canon o calquera outro incumplimento grave das obrigacións do titular da concesión, declarados polo órgano que otorgou a concesión ou autorización.*

Así mesmo, a LPAP establece que en ningún caso poderán ser titulares de concesións sobre bens e deritos demaniais as persoas en quen concurra algunha das prohibicións de contratar reguladas na lei de contratos do Sector Público. Prevendo que cando posteriormente ó otorgamento da concesión, o titular incurra en algunha das prohibicións de contratación, se producirá a extinción da concesión (art. 94).

En relación con isto, a vixente Lei de Contratos do Sector Público sinala no seu art. 71.1 que non poderán contratar coas AAPP as persoas nas que concurra algunha das seguintes circunstancias: c) *Haber solicitado a declaración de concurso voluntario, haber sido declaradas insolventes en calquera procedemento, allarse declaradas en concurso (...).*

Normas que resultan de aplicación, no presente caso, atendendo ao previsto na Lei Concursal sobre os efectos da declaración de concurso nos contratos de carácter administrativo celebrados polo deudor con Administracións públicas, ó sinalar que se rexirán polo establecido na súa lexislación especial. (Art.67 LC).

TERCEIRO.- A teor do exposto, estímase unha concurrencia de dúas causas de extinción da concesión administrativa nas que incurriría a concesionaria polo impago do canon concesional e, igualmente, atoparse nun suposto sobrevenido de prohibición para contratar coa administración pública (declaración de concurso). Neste caso de concurrencia de máis dunha causa, atenderase á orixinada en primeiro lugar no tempo, isto é, o impago do canon concesional e demais taxas e tributos referentes á concesión administrativa, ó corresponderse cos exercicios 2017 e 2018 consonte ao informado polo xefe da Unidade de Recadación Executiva; fronte á declaración concursal que data o auto xudicial do mes de febreiro do presente ano.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado 11, da LCSP.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Incoar expediente administrativo de resolución da concesión administrativa outorgada polo pleno municipal o 21 de decembro de 1984, para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurante na Praia de Samil, e da que é actualmente titular a sociedade Camaleón S.A, polo incumplimento no pago do canon concesional e demais impostos, arbitrios, taxas e contribucións de índole fiscal que gravan este tipo de explotacións, correspondente aos exercicios 2017 e 2018, consonte ao informado pola Tesourería Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Administración Concursal e a sociedade concesionaria, outorgándolle un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teñan vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por convinte.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19 (543).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO-VIVENDA DO ANO 2019. EXPTE. 60936/513.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, do 29/05/19, que di o seguinte:



Concello de Vigo

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 27 de maio de 2019

RESOLVO:

1. **Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2019**, por un importe total de **11.774.776,20.- Euros, (ONCE MILLÓNS SETECENTOS SETENTA E CATRO MIL, SETECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS)**, que consta de **145.158** inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.
2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20 (544).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR “AVENTEIRA S.COOP. GALEGA XUVENIL” , CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE. 8752/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/19 asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Contratación en funcións, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 28 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos de



Concello de Vigo

programación e execución dos campamentos de verán 2019 (expediente 8752-336), a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 5 de marzo de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo. Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron oferta os seguintes licitadores:

- SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 4, 5 e 7)
- BARAFUNDA, S.L. (lotes 5, 6 e 7)
- AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lotes 4 e 9)
- MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 8 e 9)
- DANIELA ALVITE WAISMAN (lotes 4 e 5)
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10)
- UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6)

Todos eles resultaron admitidos no presente procedemento na sesión da Mesa de Contratación de 3 de abril, na que se procedeu a apertura do sobre A “Documentación persoal”.

Terceiro.- En data 9 de abril a Mesa de Contratación realizou a apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e acordou dar traslado ao servizo xestor para a súa valoración. O informe de valoración, de data 15 de abril, foi aceptado pola Mesa na sesión de data 17 de abril.

Cuarto.- En data 11 de abril de 2019, a XGL declarou desertos os lotes 1, 2 e 3 deste procedemento por non terse presentado oferta aos mesmos.

Quinto.- En data 17 de abril de 2019 a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula”, e acordou solicitar informe de valoración do mesmo ao servizo xestor, que o evacuou en data 22 de abril.

Sexto.- En data 24 de abril de 2019, a Mesa de Contratación, aceptou o informe de valoración do sobre C e acordou, entre outros extremos, propor á XGL:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:

1. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)
2. AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:

Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI)	88,22
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL	49,43

Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI)	88,05
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	BARAFUNDA, S.L.	39,36

Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	89,00
2	BARAFUNDA, S.L.	30,12

Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	69,25

Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
------	-----------	------------------



Concello de Vigo

1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	74,75
---	---------------------------	-------

Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	81,75

Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	90,00

Esta proposta foi aprobada pola XGL de data 25 de abril de 2019.

Sétimo.- En data 10 de maio, D. Pablo Ovalle, en nome e representación de AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante TACGAL), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de Contratación adoptado na sesión de 17 de abril de 2019, de proposta de clasificación de ofertas ao órgano de contratación *"no que acordaba a decisión de non exclusión do procedemento das ofertas económicas de Daniela Alvite Waisman (Imaxina Servizos Educativos e Culturais) e de Serviplustotal S.L. para os lotes 4 e 5 do citado procedemento"*. Este recurso foi inadmitido por resolución n.º 126/2019 do TACGAL.

Oitavo.- En data 23 de maio de 2019, a XGL acordou adxudicar os lotes deste contrato aos licitadores clasificados no primeiro lugar, tras a presentación da documentación solicitada. Este acordo foi notificado aos licitadores ao día seguinte.

Noveno.- En data 11 de xuño de 2019, D. Pablo Ovalle, en nome e representación de AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante TACGAL), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación do lote 4 a Daniela Alvite Waisman (Imaxina Servizos Educativos e Culturais) e a admisión da oferta de Serviplustotal S.L.

Décimo.- Interposto o recurso especial, o servizo de Contratación solicitou informe sobre o seu contido ao servizo xestor. Este foi evacuado en data 12 de xuño de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo do órgano de contratación do Concello de Vigo, adoptado na sesión de 23 de maio de 2019, de adxudicación do lote 4 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 a Daniela Alvite Waisman (Imaxina Servizos Educativos e Culturais); así como a admisión da oferta económica de Serviplustotal S.L. (expediente 8752-336).

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de



Concello de Vigo

determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso, e a impugnación da admisión da oferta de SERVIPLUSTOTAL é un acto de trámite susceptible de recurso por canto foi adoptado no procedemento de adxudicación, e cumpre cos requisitos esixidos na artigo 44.2.b.

B) En relación cos **requisitos subjectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elabora-



Concello de Vigo

da polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir.

Dado que o recorrente presentou oferta ao lote 4 é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderásolicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

c) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que coñecese a posible infracción.

d) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se notificase esta aos candidatos o licitadores admitidos no procedemento.

Con respecto á impugnación da adxudicación, esta foi acordada pola XGL en data 23 de maio de 2019, e notificada aos licitadores ao día seguinte, polo que o cómputo do prazo comezou o día 25 de maio. Dado que o recorrente presentou o recurso o 11 de xuño, este foi presentado dentro do prazo conferido ao efecto.

Con respecto á admisión da oferta económica de SERVIPLUS, esta prodúcese ao aprobar a Mesa de Contratación o informe de valoración do sobre C na sesión de 24 de abril de 2019. En consecuencia, en opinión da informante, o prazo para recorrer este acto xa transcorreu e procede solicitar do Tribunal á inadmisión do recurso con relación ao mesmo por extemporáneo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto ao acto de adxudicación e a inadmisión con relación á impugnación do acto de trámite de admisión da oferta económica de SERVIPLUS.

No entanto, por se o Tribunal acordase a admisión do recurso con relación aos dous actos, no fundamento xurídico seguinte trataranse as alegacións formuladas polo recorrente con relación a ambos.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recurso contén unha única alegación.

O recorrente considera que as ofertas económicas de dous licitadores, IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS e SERVIPLUSTOTAL, S.L., para o lote 4, recollen "*orxamentos obxectivamente insuficientes*" para a execución do contrato. Na súa opinión, ilo é así, porque non cubre os custes laborais do persoal mínimo esixido para a execución do contrato. E para argumentar esta tese pon en relación as esixencias de persoal do prego, a duración do contrato e da xornada laboral, e calcula os custes consonte ao convenio colectivo de aplicación a este persoal, a saber, o Convenio colectivo marco estatal de ocio educativo e animación sociocultural. É preciso ademais ter en conta que ambas empresas ofertan:

- A contratación adicional dunha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social, o que se traduce na contratación dun monitor a maiores dos esixidos.



Concello de Vigo

- Excursión en autobús discrecional ou barco.

Estas dúas melloras supoñen un custe adicional que determina que o custe de persoal sexa *“inasumible cos orzamentos presentados”* en opinión do recorrente.

Este conclúe solicitando as seguintes medidas:

- Que a mesa esixa as empresas a xustificación desglosada e razoada dos gastos que permita a execución do proxecto.
- Que de non ser suficiente a xustificación requirida se exclúan as súas ofertas do procedemento de licitación.

En resposta a alegación formulada compre argumentar o seguinte:

1º.- Tanto o orzamento base de licitación como o valor estimado do contrato foron calculados consonte as prescricións dos artigos 100 e 101 da LCSP, segundo consta na memoria xustificativa do contrato publicada no perfil de contratante do Concello de Vigo, e así o corrobora a xefa do servizo de Xuventude, a sazón responsable deste contrato, no informe evacuado en relación ao presente recurso.

O primeiro destes preceptos esixe que no orzamento base de licitación dos contratos nos que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, se indique de xeito desagregado os custos salariais estimados conforme ao convenio laboral de referencia.

E o segundo, que á hora de calcular o valor estimado do contrato, nos contratos de servizos nos que resulte relevante a man de obra, teranse en conta os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación.

Tal e como manifesta a xefa de Xuventude no referido informe *“a administración descoñece as relacións laborais e a forma de organización das empresas admitidas e clasificadas de acordo cos criterios de adxudicación”*. Ben poidera ser que as mesmas gozasen de beneficios fiscais ou bonificacións das cuotas de cotización á seguridade social polos seus traballadores que diminúsen os seus custes laborais.

2º.- O recorrente erra ao manifestar que os licitadores cuestionados teñan ofertado persoal a maiores como mellora. Porque non se valora como criterio de adxudicación a contratación de persoal a maiores, senón a maior formación do persoal mínimo esixido. Neste senso, a responsable do contrato manifesta no citado informe que *“non se valora a contratación de persoal a maiores dos requiridos, se non que se valorará do persoal ofertado, cantos teñen esta formación de Educación Especial ou Integración Social a maiores da formación requirida, que é Director/a de Tempo Libre e Monitor/a de Tempo Libre”*.

3º.- Tal e como manifesta o servizo xestor *“Realizados os cálculos en base á aplicación de fórmulas recollidas na cláusula 18 do PCAP, referidos aos orzamentos presentados por cada licitadora, comprobouse a non existencia de baixas desproporcionadas en ningunha das ofertas presentadas”*. Circunstancia que fixo innecesaria a solicitude de xustificación dos datos económicos das ofertas formuladas.

4º.-As proposicións dos interesados deben axustarse aos pregos e documentación que rexe a licitación, e a súa presentación implica a aceptación incondicional por parte do empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvedade nin reserva, tal e como dispón o artigo 139.1 da LCSP.

É preciso ter en conta, ademais, que ambos declaran nas súas ofertas económicas “Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP”.

E por último, se algún deles resultase adxudicatario deste contrato, a cláusula 29 do PCAP, relativa ao persoal do contratista impónlle, entre outras, as seguintes obrigas:

“1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ao seu cargo en virtude desta adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade e eficiencia.

2.- O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais.

3.- O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado ao servizo con cargo ao prezo da adxudicación do contrato, con un salario igual ou superior ao fixado no convenio colectivo que resulte de aplicación ao sector.

4.- O adxudicatario queda obrigado, respecto ao seu persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento”.

Os licitadores cuxas ofertas son impugnadas asumiron estes compromisos é non existe nas súas ofertas ningún dato que determine a imposibilidade do cumprimento destas obrigas.

-VI-

Conclusións

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto ao acto de adxudicación e a inadmisión con relación á impugnación do acto de trámite de admisión da oferta económica de SERVIPLUS.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico VI deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da XGL de 23 de maio de 2019 e da Mesa de Contratación de 24 de abril, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.



Concello de Vigo

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa dado que un dos actos impugnados é a adxudicación do contrato, por imperativo legal prodúcese a suspensión do procedemento.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21 (545).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

XS.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez